



MOCIÓN

POLA PERMANENCIA DO CICLO DE GRAO SUPERIOR DE COMERCIO INTERNACIONAL NO I.E.S. ARMANDO COTARELO

No curso académico 2005-2006 foi suprimido o 1º curso do ciclo (grao superior) de **Comercio Internacional** a pesares das numerosas peticións formuladas polo propio Centro Educativo baseadas en diversa documentación referida a actas, historial de matrícula neste ciclo nos cursos anteriores, etc.

Como resultado das xestións acadouse, perante á Dirección do Centro, un compromiso verbal do Director Xeral de Formación Profesional referido á oferta do citado ciclo para o vindeiro curso e que **“volveríase a impartir se o número de alumnos matriculados acadase un mínimo de sete”**.

Nembargantes, e a pesares do mentado compromiso, hai que resaltar que dentro da oferta educativa publicada pola Consellería de Educación a través da súa web tanto na clasificada por Familia e Ciclo como na relacionada por provincia e concello non figura a oferta do ciclo de Comercio Internacional pertencente á Familia Formativa de Comercio e Marketing no I.E.S. Armando Cotarelo Valledor, lembrando, ademais que esta vía é unha canle moi utilizada polos alumnos tanto para a súa información como para levar a cabo a inscrición nos propios Centros Educativos.

Ante os precedentes anteriormente sinalados e a falla de información e publicación por parte da Consellería a través do seu portal educativo sobre o devandito ciclo, pode acontecer con moita probabilidade que non se chegue a completar o número mínimo de alumnos requiridos para a impartición desta opción formativa e, consecuentemente, se suprima novamente a realización do mesmo no vindeiro curso académico, producíndose outra vez unha situación inxusta e intolerable para todas aquelas persoas interesadas no seu estudio; todo por causa dun grave descoido (ben sexa intencionado ou non) por parte da Administración.

É por elo que, o **Grupo Municipal do BNG** propón, que polo Pleno da Corporación se adopte o seguinte ACORDO:

Instar, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a impartición do ciclo superior de Comercio Internacional no I.E.S. Armando Cotarelo Valledor, a comezar pola súa inclusión dentro da oferta de Formación Profesional 2006-2007 prevista para este Centro, facéndoo público a través do seu portal educativo tanto na oferta que se refire á clasificada por Familias Formativas como na que ven por provincia e concello.

Vilagarcía, a 3 de xullo de 2006.

Xosé Castro Ratón

SR. ALCALDE – CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA